

A Universidade de Santiago de Compostela, e en particular a Facultade de Humanidades do campus de Lugo, leva aproximadamente cinco anos impartindo varias titulacións oficiais de grao e máster en modalidade semipresencial. O desafío que supón enfrontarse a unha nova forma de impartir docencia e a un novo perfil de alumno e alumna foi asumido desde o primeiro momento e supuxo a necesidade de formar os e as docentes nas posibilidades e recursos con que conta a plataforma de ensino virtual *Moodle*. No momento actual dispoñemos xa dunha certa experiencia no mundo da semipresencialidade e cremos oportuno coñecer como outras institucións próximas a nós, universidades tradicionais maioritariamente presenciais, afrontan tamén desafíos semellantes.

As Xornadas son tamén de interese para aquelas persoas que teñan responsabilidade en titulacións que asuman total ou parcialmente a súa presentación *online* e precisen, por tanto, orientacións acerca de cuestións tales como o emprego dos recursos audiovisuais, os procedementos de avaliación, a comunicación co alumnado ou as titorías virtuais, entre outros. Finalmente, a inclusión dunha sesión dedicada aos MOOCs ampliará o interese das xornadas a un público aínda máis amplo, tanto de PDIs como de persoal en formación ou de PAS



Máis info: www.usc.es/campusterra/gl/xornadas_semipresencialidade

Contacto: margarita.vilela@usc.es • Tel: 982 821 517

Organiza: Vicerreitoría de Servizos Universitarios do Campus de Lugo

Actividades de Formación recoñecidas polo PFID
e polo Servizo de Planificación e Programación de PAS

Colabora:



DEPUTACIÓN DE LUGO



I XORNADAS CAMPUS TERRA SOBRE DOCENCIA UNIVERSITARIA NON PRESENCIAL

O DESAFÍO DO ENSINO ONLINE PARA AS UNIVERSIDADES TRADICIONAIS



25, 26 E 27 DE OUTUBRO DE 2017



Formación Oficial Semipresencial en Universidades Públicas Españolas. Desafíos, respostas e estudos de caso

25 de Outubro de 2017

Facultade de Humanidades (Campus Terra)

- 09:00 - 09:15 Rexistro
- 09:15 - 09:30 Inauguración das Xornadas a cargo de Javier Bueno, Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo e representantes do Concello e Deputación de Lugo.
- 09:30 - 10:30 Conferencia inaugural: "**Retos da formación online e semipresencial nas nosas universidades**". Sonia Arranz (Universidade de Deusto).
- 10:30 - 11:30 Conferencia: "**Implementación e adopción da metodoloxía Blended Learning na educación universitaria**". Antonio Víctor Martín García. (Universidade de Salamanca).
- 11:30 - 12:00 Pausa
- 12:00 - 14:00 Mesa Redonda 1: "**A xestión normativa da docencia semipresencial**".
- M^a Luisa Alvite Díaz. (Universidade de León).
 - Josefa Gallego. (Universidade de León).
 - José Antonio Cordón García. (Universidade de Salamanca).
 - Félix Labrador Arroyo. (Universidade Rey Juan Carlos).

- 16:00 - 18:00 Mesa Redonda 2: "**Aula virtual e aulas presenciais nos modelos de docencia semipresencial**".
- M^a Luisa Alvite Díaz. (Universidade de León).
 - Josefa Gallego. (Universidade de León).
 - José Antonio Cordón García. (Universidade de Salamanca).
 - Félix Labrador Arroyo. (Universidade Rey Juan Carlos).
- 18:00 - 19:00 Turno de participación do público referido ás mesas redondas 1 e 2.

26 de Outubro de 2017

Facultade de Humanidades (Campus Terra)

- 09:00 - 14:00 Taller Práctico: "**Atrapa a quen te escoita. Como afrontar-se ao reto de educar a través dunha cámara**". Teresa Blasco Roselló. (Xornalista).
- 16:00 - 21:00 Taller Práctico: "**Como coordinar unha titulación de máster online**". Xosé María Mahou Lago e Mónica López Viso. (Universidade de Vigo).



Arredor dos MOOCs nun contexto universitario

27 de Outubro de 2017

Facultade de Humanidades (Campus Terra)

- 09:00 - 09:15 Rexistro
- 09:15 - 10:15 Conferencia: "**Por que fago MOOC (e por que ti tamén deberías)?**". Pedro Pernías Peco. (Universidade de Alicante).
- 10:15 - 11:00 Conferencia: "**I Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia**". Lorena Casal Otero. Técnico en E-Learning do CeTA (USC).
- 11:00 - 11:30 Pausa
- 11:30 - 14:00 Taller Práctico: "**Aspectos a ter en conta á hora de deseñar un MOOC**". Elena González de la Cámara Cayuela. (Etic Factoría).